

PALABRAS PARÓNIMAS



Ordena os pasos que segue a rapaza para pintar un cadro.



colorear



bosquexar



borrar



retocar

Completa coas palabras anteriores o proceso de pintar un cadro.

bosquexa • borra

colorear • retoca

pincel • lapis

pinturas • goma

Primeiro, a pintora _____ o debuxo nun caderno
co _____. Se é preciso, _____ coa _____
o que non lle gusta e, cando xa ten feito o bosquexo, traslada
o debuxo ao lenzo. Unha vez trazada a figura, terá que
a _____ coas _____. Finalmente,
_____ o cadro marcando os detalles cun _____ fino.

Marca a opción correcta. Que son as palabras parónimas?

- ☐ As que significan o mesmo, como *calidades* e *aptitudes*.
- ☐ As que se semellan e se poden confundir, como *aptitudes* e *actitudes*.

Escolle a opción adecuada:

Risca, en cada parella de parónimos, o que non é adecuado na oración.

- A avoa fixo canelóns / canlóns para xantar.
- Esta bolboreta é dunha especie / especia nova.
- Paulo tomou un caramelo de menta para a tose,
pero non lle fixo afecto / efecto.

